

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Paloma Morán Martínez	
Enderezo electrónico: paloma@uvigo.es	
Co-dirección do proxecto	
Bienio	2020 - 2022
Número de participantes (máx. 4)	1

Título

Estudo das relacións filoxenéticas dunha poboación de *Donax trunculus* de Praia América (Nigrán)

Resumo

A cadelucha (xénero *Donax*) é un molusco bivalvo amplamente distribuído nas praias de Galicia. Baixo esta denominación agrúpanse dúas especies que se comercializan xuntas: *Donax trunculus* e *Donax vittatus*. Trátase dun grupo moi importante dende o punto de vista da actividade marisqueira polos grandes beneficios económicos que xera. Porén, debido á sobreexplotación, ó cambio climático e outros factores que a día de hoxe están sendo obxecto de estudo, a cadelucha experimentou nos últimos anos o declive das súas poboacións. Esta diminución da poboación pode supor unha perda da diversidade xenética que podería comprometer o futuro destas especies.

Obxectivo

Secuenciar o xene mitocondrial COI, e establecer as relacións filoxenéticas entre *D. trunculus* e *D. vittatus* que cohabitan en Praia América (Nigrán) así como comparar a súa diversidade xenética con poboacións doutras localidades.

Plan de traballo

Redacción do proxecto. Nunha primeira fase do programa STEMBach (primeiro trimestre 1º de bacharelato), redactarase o proxecto do traballo de investigación, identificando a problemática obxecto de estudo e as variables necesarias. Realizarase unha procura de información bibliográfica.

Obtención de datos. (2º e 3º trimestre de 1º de bacharelato). Recollida de mostras, secuenciación de ADN, obtención de secuencias, análise dos datos obtidos.

Redacción da memoria. (1º trimestre de 2º de bacharelato). Interpretaranse os datos obtidos extraendo as principais conclusións. Redactarase a memoria do proxecto.

Defensa do proxecto. (2º trimestre de 2º de bacharelato). Elaborarase unha presentación audiovisual para a defensa do proxecto diante do tribunal avaliador.